O Servizo Galego de Saúde pon en marcha o proceso de Consulta Preliminar ao Mercado do proxecto de CPI Innova MicroLab

O Servizo Galego de Saúde presenta o 9 de xullo a Consulta Preliminar do Mercado do proxecto Innova MicroLab aberta a todas as entidades e organizacións con interese en participar.

Innova MicroLab execútase no marco das Liñas FID, de fomento da innovación desde a demanda, a través do instrumento da Compra Pública de Innovación e busca:

- Mellorar os servizos públicos, neste caso a capacidade diagnóstica dos servizos sanitarios
- Incrementar a capacidade innovadora e a competitividade empresarial
- Reforzar a comercialización da innovación
- Estimular o emprendemento e a innovación, especialmente das PEMES

O proxecto xorde da necesidade de encarar un grave problema de saúde existente a nivel mundial como son as resistencias a antimicrobianos e evitar a posibilidade de que determinadas infeccións convértanse en incontrolables por este motivo. A través da Compra Pública Innovadora preténdese desenvolver dúas plataformas tecnolóxicas totalmente automatizadas que redundan de maneira clara e directa na saúde dos cidadáns, centradas en 2 retos:

- Reto 1: o diagnóstico microbiológico ultrarrápido de patoloxías infecciosas.
- Reto 2: o estudo da evolución do microbioma en pacientes con enfermidades metabólicas.

Coas Consultas Preliminares ao Mercado, preténdese chegar ao maior número posible de organizacións interesadas e con capacidades no desenvolvemento de solucións innovadoras aos retos propostos e para iso realizarase un evento de presentación o día 9 de xullo onde se dará a coñecer as claves do proxecto e no que participasen relatoras da área sanitaria da Coruña e Cee de Servizo Galego de Saúde promotores da idea de proxecto, e da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS).

D. Luís Verde Remeseiro, Xerente da área Sanitataria da Coruña e Cee será o encargado de dar a benvida institucional e de dar o discurso de apertura. A continuación, D. Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, Xerente da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) expoñerá o proxecto Innova MicroLab, arroxando luz sobre as características xerais da CPI, así como unha breve explicación da traxectoria do SERGAS e ACIS en materia de innovación sanitaria.

Posteriormente, D. José María Romero Fidalgo, Director da área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria da ACIS será o encargado de explicar o procedemento de participación na Consulta Preliminar do Mercado. A continuación o acto centrarase na presentación dos 2 retos expostos dentro do proxecto Innova Microlab por parte do promotor do proxecto, o Dr. Germán Bou Xefe do Servizo de Microbiología do CHUAC e de D. Guillermo Vázquez González Subdirector de Sistemas de Información da área Sanitaria de Coruña e Cee.

O evento celebrarase presencialmente no Hospital Universitario da Coruña (aforo limitado) e será retransmitido de forma simultánea a través da plataforma GoToWebinar.

O rexistro ao evento realízase a través da seguinte ligazón: https://bit.ly/2UGZ0qw

O proxecto de Compra Pública de Innovación (CPI) Innova MicroLab conta cun orzamento de 5,7 millóns de euros cofinanciado nun 80% mediante a Liña FID de Fomento da Innovación desde a Demanda ao amparo do Programa Operativo Plurirregional de España (POPE), o cal emprega fondos FEDER do período 2014-2020, e busca un cambio de paradigma na detección de enfermidades infecciosas e na personalización de terapias baseada no estudo do microbioma.